

PROBAS SELECTIVAS PARA A PROVISIÓN DE 6 PRAZAS DE AUXILIARES ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

(Convocadas por resolución reitoral de 5 de novembro de 2019)

Aclaracións referidas ao segundo exercicio do proceso selectivo que terá lugar o día 30 de outubro de 2021, ás 10 horas, na Facultade de Informática.

O tribunal acordou por unanimidade lembrar ás persoas opositoras que:

Primeiro: Os chamamentos realizaranse na porta de entrada da planta 1 da Facultade de Informática (Campus de Elviña).

Segundo: Deberán acudir provistos de DNI ou acreditación equivalente.

Terceiro: Non se pode entrar ao exame con aparellos electrónicos, teléfono móbil ou calquera outro dispositivo de comunicación.

Se durante a celebración do exercicio se constata que algunha persoa aspirante fai uso do material descrito, fala con outro opositor ou copia, o tribunal procederá á súa inmediata expulsión do exame.

Cuarto: Deberán acudir con bolígrafo azul ou negro.

Quinto: As persoas convocadas deberán cumprir en todo momento o Protocolo de adaptación á nova situación orixinada pola pandemia COVID-19 para a celebración das probas dos procesos selectivos derivados das ofertas de emprego público da Universidade da Coruña, o cal poden consultar na sede electrónica no seguinte enlace:

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2021/001783

Será obrigatorio o uso de máscara no exterior e interior do recinto e mentres dure a proba. Só se permitirá o acceso ao interior do lugar de realización dos exercicios con máscara cirúrxica, FFP2 ou FFP3 (sen válvula). Facilitaráselle ao/á aspirante que non cumpra este requisito unha máscara cirúrxica á entrada da aula correspondente.

A Coruña, 18 de outubro de 2021

O Presidente do tribunal

José Felipe Fernández López